



## A fe que medra na lentura da comunidade

---

Manuel Regal Ledo

Son moitos os servizos que a comunidade lle presta á fe. E esta comunidade que xesta, coida e madura a fe dos seus membros pode ter dimensións moi diferentes, aínda que todas elas se aglutinan no empeño final de facer máis cálida, viva e verdadeira a fe dos homes e mulleres que a compoñen. Apuntamos brevemente algunhas anotacións que ben merecerían un tratamento máis pousado.

### 1.- A comunidade dálle razón de ser e orientación á nosa fe

O primeiro servizo que a comunidade lle presta á fe, é dicir, á persoa crente, é o de sinalarlle a súa orixe, o seu percorrido e o seu destino. Somos persoas comunitarias que provimos dun big-bang orixinal, dunha fonte limpa primeira, dun estoupido de luz, dunha potencia de amor, que puxo toda a desmedida benevolencia do seu ser ao noso dispor –na medida en que isto é posible–, e a quen lle aprendemos a dar o nome de Deus, Pai, Nai, porque o intuímos próximo e agarimoso, coidadora e servidora solícita. E na nosa fe cristiá fomos tamén intuindo –con moita torpeza, é certo, e sen saber moito como explicalo– que esta fonte primeira que botou a andar a marabilla que somos todos e todas nós, todo o cosmos coñecido e descoñecido, esta fonte primeira ten unha identidade trinitaria, é un na diferenza, é unha realidade comunitaria, á que lle ousamos poñer nomes: Pai/Nai, Fillo, Espírito Santo.

Así, por estarmos feitos homes e mulleres a imaxe e semellanza de Deus, o noso ADN é un ADN comunitario, complementario. Xa non é que a comunidade nos preste –que nolos prestará– tales ou cales servizos puntuais; é que a comunidade vai inxerida no noso íntimo, en forma nada menos que de Deus, configurándonos

como persoas, como crentes. Só sendo comunitarios seremos o que somos. No noso ADN sinálasenos a orixe, o camiño a andar (as variadísimas formas do comunitario, do solidario, do fraternal, da unidade) e a meta a onde chegar: a plena comunión, participando desa identidade trinitaria que é o berce da nosa nacemento e o leito do noso acougo.

## **2.- A comunidade apórtanos o don do agradecemento gozoso e da humildade creativa**

Somos comunitarios nas nosas raíces e somos comunitarios no desenvolvemento e no arriquecemento da nosa fe. A nosa tradición bíblica, que dicimos revelada e polo tanto ofertada gratuitamente por Deus, non deixa por iso de ser un proceso totalmente humano, lento, con pasos para adiante e pasos para atrás, pero progresivo. Así, xeración tras xeración, houbo millóns de homes e mulleres crentes acompañadas e incitadas polo Espírito dunha maneira misteriosa, que foron buscando, atopando, errando, corriñendo erros, debuxando pouco a pouco cando menos unha liña verde de madurez e convencemento, onde se foi concentrando o mellorciño que o ser humano puido enxergar de Deus, o mellorciño que Deus mesmo puido ir sacando do ser humano. Unha liña verde tenue e ao tempo cargada coa consistencia que ten todo o divino, que ten a fe que o recoñece e proclama. Unha liña verde escasa en afirmacións fundamentais; se nos apuran, pouco máis ca, na linguaxe do AT, «O Señor é clemente e compasivo, tardo á ira e rico en amor» (Sal 145, 8), e na do NT, máis simplemente aínda, «Deus é amor» (1Xn 4, 8b), e punto; e iso por moito que logo as relixións, a cristiá tamén, se encha de doutrinas e rituais que poden desenvolver as intuicións primeiras, pero que tamén as poden escurecer e deteriorar. Que preciosa é a nosa Biblia, que precioso é o noso credo lido e vivido desde esta perspectiva! Que gozada poder vivir practicando a xustiza, amando a fidelidade e comportándonos humildemente co noso Deus (Cfr. Miq 6, 8), paciente e humildísimo tamén, rodeados como estamos dunha nube inmensa de testemuñas! (Cfr. Heb 12, 1).

E todas e todos nós somos herdeiros desta preciosa tradición bíblica, deste precioso credo así nacido na lentura dun proceso histórico calmoso e radiante. Todo o que somos sómolo grazas ao Espírito e grazas aos millóns de homes e mulleres que lle foron máis ou menos fieis no seu momento histórico concreto, dando os pasos que en cada época era posible dar. Non podemos ser senón herdeiros agradecidos por tanto don recibido, herdeiras xubilosas por tanta graza regalada. Ninguén se libra, por moito que torpemente o quixese, de se sentir feita como crente polos trazos de quen andou atoutiñando na súa busca persoal e comunitaria. Ninguén, nin o mesmo Cristo Xesús, o noso Señor, que tamén el chegou a este mundo como froito do Espírito encarnado, cousa que é moito máis ca unha cuestión de virxindades físicas, e ten que ver con este proceso histórico, persoal e comunitario, fecundado polo Espírito, no que evidentemente xogaron o seu papel extraordinario homes e mulleres concretas como María de Nazaret.

Non cabe, logo, máis ca humildade. Unha humildade agradecida. Unha humildade gozosa, exultante. Unha humildade comprometida, pois ese proceso non é un proceso rematado, por moito que sexa un proceso no que, como dixemos, se foron chantando importantes fitos que nos orientan no camiño, importantes lumieiras que facilitan o noso acerto. E este é outro servizo substancial que a realidade comunitaria, longa no tempo e no espazo, lle presta á nosa fe: poder vivir no gozo, na humildade, no agradecemento e na busca.

### **3.- A comunidade arriquece a nosa fe, elevándoa do persoal ao comunitario**

Desde o primeiro momento do longo percorrido da revelación, as persoas crentes entenderon que non era posible vivir como tales sen ter en conta á xente que nos rodea. «Onde está Abel, teu irmán?» (Xén 4, 9a) é unha pregunta que acompaña, en moitas ocasións con verdadeira intensidade e dramatismo, todo o proceso de configuración da propia fe e da maneira de desenvolvela na vida. Unha pregunta que segue a ser fundamental, porque noutrora como arestora

escapamos do irmán, da irmá, aínda sendo carne da nosa carne, apelando a prácticas egoístas, e mesmo relixiosas (Cfr. Mc 7, 11), máis ou menos descaradas que teñen un amplo percorrido.

Unha desas prácticas pode ser a de entender a propia fe como un perfeccionamento persoal, ao servizo do cal estaría a consideración coa demais xente. Xesús, é certo, pídenos «Sede perfectos como perfecto é o voso Pai do ceo» (Mt 5, 48), pero á perfección á que invita é a dun Deus sen exclusivismos de ningún tipo, que rompe no amor e no servizo calquera tipo de fronteiras. Fiel a isto, a proposta de Xesús non foi unha simple proposta persoal, e menos unha proposta persoal de perfección, senón a proposta do Reino ou Reinado de Deus; un subversivo proxecto comunitario, social, no que quedan integrados, revalorizados e no seu caso purificados os procesos persoais. Non se pode ser crente para Xesús e para as persoas que o queiran seguir, sen que a fe persoal se abra desde un inicio a percorridos comunitarios nos que a fe atopa plenitude e autenticidade. Percorridos comunitarios moi concretos no eclesial, no social, no político, que a día de hoxe están demandando implicación humilde e eficaz.

#### **4.- A comunidade sinálalle á nosa fe o centro e os camiños de preferencia**

Mt 18, 1-11 oriéntanos nas reflexións seguintes. A fe cristiá é a resposta persoal a unha proposta de Xesús, que é unha proposta comunitaria, do Reino ou Reinado de Deus, é por iso mesmo a fe acaba sendo ela mesma unha fe radicalmente embarcada no comunitario, unha fe tamén ela comunitaria. Segundo o sentir de Xesús, a fe e a comunidade así entendidas teñen un centro. E a persoa que ocupa ese centro é o neno ou nena; é dicir, toda aquela persoa que non se vale, que está necesitada de amparo, que polo tanto adoita ser confiada, aberta e agradecida. De aí que o dobre movemento de ser ou facerse coma un neno ou nena e de acoller a un neno ou nena no nome de Xesús, sinale as preferencias primeiras que ha ter a fe e a praxe cristiá. De aí tamén que a gran desgraza que nos podería vir enriba sería a de apandar coas conse-

cuencias de «escandalizar a un destes pequenos que cren en min» (Mt 18, 6a), ou de «desprezar a un destes cativos» (Mt 10, 10). E as consecuencias hai que medilas en termos do destrutivo que sería para a fe persoal e para a comunidade cristiá quitar do centro a aqueles e aquelas a quen Xesús puxo no centro.

Quitarse os ollos, cortar os pés ou as mans (Cfr. Mt 18, 6-11) significa que ante a centralidade da xente máis débil no medio da comunidade onde nace e medra a fe, todo o demais, por importante que pareza, acaba sendo insignificante; e nese «todo o demais» podemos poñer bens e proxectos persoais, pero tamén doutrinas, liturxias, ritos, tradicións, formas de organización da comunidade, todo, todo absolutamente pode quedar relativizado ante o feito de negarlle a centralidade na fe e na vida comunitaria á xente máis fráxil, calquera que sexa a cor desa fragilidade.

Que os anos da xente pequena estean no ceo contemplando sempre o rostro do Pai celestial (cfr. Mt 18, 10b), é unha maneira preciosa e ben fonda de dicir onde están as preferencias de Deus e onde deberán estar tamén as preferencias da nosa fe e vida comunitaria. E se isto nos parece demasiado ousado, podemos considerar o que Xesús nos transmite na parábola da clarificación final (Mt 25, 31-46). O coidado da xente máis débil: famenta e sedenta, forasteira, espida, enferma, encadeada (grupos sociais que hoxe teñen entre nós unhas prolongacións dramáticas, doadamente identificables), ese coidado non é en palabras de Xesús un simple alongamento, unha simple práctica da fe, senón algo moito máis radical; as persoas que poden ser ou non obxecto do noso servizo integrador convértense en imaxe viva de Xesús, e polo tanto en obxecto directo da nosa fe: crer en Xesús, aceptalo, amalo, adoralo, seguilo, servilo, significa facelo tamén nas súas iconas fundamentais, que acaban determinando a autenticidade da nosa fe. Xesús converte así ao débil en obxecto directo da nosa fe: cremos en Xesús, cremos na súa encarnación na xente débil (Cfr. Mc 9, 37). Tamén aquí, en palabras do mesmo Xesús, todo o demais acaba sendo insignificante, aínda que poidamos alegar que temos comido e bebido con el, que temos escoitado as súas ensinanzas

polas rúas (cfr. Lc 13, 25-27). «Non sei quen sodes» (Lc 13, 25b), «Asegúrovos que non vos coñezo» (Mt 25, 12), serán as palabras de clarificación final, coas que máis ca unha ameaza cara ao futuro, que depende de Deus, nos ofrece un guieiro cara ao presente que está ao noso alcance.

### **5.- A comunidade ofrécelle á nosa fe acompañamento, diversidade, corrección e perdón. Ábrea a oportunidades novas inimaxinables**

Tamén nisto nos deixamos levar por Mt 18, 12-35. Nacemos á fe grazas á comunidade. Non hai ninguén que ouse afirmar que cre por revelación divina directa e excluínste de mediacións. Todas e todos nós temos tras de nós –e que gozo dá podelo constatar!– nomes moi concretos de persoas, de grupos de persoas crentes, de comunidades, que exerceron connosco o oficio de parteiras na fe, que a abriron ás súas luces e mesmo tamén ás súas sombras.

Pero para a comunidade non remata o seu labor cando consegue que alguén se vincule pola fe a Xesús e ao seu proxecto comunitario. A fe, o proceso da fe, tanto no persoal coma no comunitario que necesariamente a cualifica, está chamada a avances e maduracións sen fin, porque a súa referencia última non é senón Deus. Todos, todas nós somos testemuñas do necesarios que son os procesos de acompañamento para que a fe poida desenvolver todas as súas fecundidades, que son ilimitadas: «E asegúrovos que se tivédeses fe coma un gran de mostaza, diríadeslle a este monte: ‘vai de aquí para alá’, e o monte había ir. E nada sería imposible para vós» (Mt 17, 21). Outra cousa é que estes procesos de acompañamento non sempre fosen e sexan sans, e que incluso teñamos renunciado a eles, tanto a nivel individual coma a nivel comunitario. A frouxidade da práctica cristiá no presente non se debe en boa medida á renuncia a acompañar e a ser acompañados nos camiños da fe? Non nos enfrontamos con dificultades abondo empinadas como para pensar inxenuamente que sós somos quen de ascendelas?

O capítulo 18 de Mateo ofrécenos varios campos dese acompañamento imprescindible. O primeiro deles é o de ofrecer espazos

onde compartir a fe, a pregaria, a experiencia relixiosa, os avances e retrocesos na mesma. (Mt 18, 19-20). Momentos de encontro, incluso de oración en común temos moitos; pero poucos son os momentos nos que abrimos o noso corazón e o expoñemos ao consolo, ao alento, á crítica, á animación doutras persoas crentes. E hai que ver o que nos perdemos con iso!

Pero poñerse de acordo na terra para pedir calquera cousa, é dicir, para o exercicio da fe, xuntarse dous ou tres ou máis no nome do Señor (cfr. 18, 19-20) non quere dicir anulación das diferenzas, todo o contrario. Xuntarse no nome do Señor é xuntarse respectando o ADN que nos identifica: unidos na pluralidade; plurais na unidade. Todas, todos queremos crer o mesmo, pero non todos da mesma maneira, cos mesmos acentos, cos mesmos dons. Na comunidade aprendemos a fomentar, cultivar, respectar, valorar as diferenzas; na comunidade débérasenos impulsar a iso, e ofrecer oportunidades para que o don da fe de cada quen resplandeza para iluminación, reforzo e fermosura da comunidade. Canta falla nos fai ler, meditar, interiorizar os capítulos 12-14 de 1Cor, incluído, por que non, 14, 33b-35, aínda que neste caso para superar con creatividade a ollada curta coa que Paulo contempla o papel das mulleres dentro da comunidade! Só así poderemos acadar as promesas que Xesús vincula ao encontro comunitario, á práctica comunitaria da fe: percibir con seguridade a presenza viva de Xesús e entrar en sintonía total con el, e, a través del, con Deus mesmo, que é Trindade.

Outro campo do acompañamento que a comunidade ofrece á persoa crente ten que ver coa experiencia de buscar e ser buscada (Mt 18, 12-14). A comunidade cristiá deberíase caracterizar por isto: ser un espazo onde un se sente obxecto da solicitude dos demais, e onde un se empeña tamén na busca daqueles membros da comunidade que andan descarreirados, máxime se son dos pequenos e pequenas, calquera que sexa a medida coa que se mida a pequenez. Sería trasladar tamén a este contexto a pregunta que xa recolleemos ao comezo: «Onde está Abel, teu irmán?» (Xén 4, 9a). Non se trata de perseguir, de aburar, de comer espazos de li-

berdade e de orixinalidade, pero si de poñer os ollos do corpo e do espírito, os ollos e o corazón, ao servizo humilde de quen connosco na fe comparte a comunidade cristiá. Como crentes deberíamos gozarnos de demandar este privilexio e de llo conceder tamén a quen comparte connosco a comunidade cristiá. Gozarnos por este privilexio, e gozarnos, e moito, por cada vez que, como froito, acadamos o avance na fe, no amor e na esperanza, o avance na vida e na dignidade, dos nosos irmáns e irmás.

Vinculado a isto vai o da corrección fraterna. Que precioso sacramento este da experiencia do perdón vivido e celebrado en comunidade de fe, e a que pouca cousa o temos reducido! As primeiras comunidades foron atopando a fórmula axeitada para facilitar esta vivencia (Mt 18, 15-18), que se caracterizaba pola solicitude amorosa, tenra polo irmán ou irmá que peca, pola non indiferenza ante os esvaróns da súa vida. Tamén nós temos por diante esa tarefa. Para unha parte moi considerable das persoas crentes actuais o sacramento da Penitencia é algo inservible e non utilizable polo tanto. Temos trivializado o pecado, o feito de recoñecelo, o perdón, o feito de ofrecelo e recibilo, temos trivializada a comunidade e con ela a fe, o proceso de fe das persoas que a compoñemos. Podemos resignarnos a estar indefinidamente así, languidecendo, negándonos a romper o círculo pechado que nos está empequeñecendo. Podemos revelarnos e, con fórmulas sacramentais ou fóra delas, ofrecernos como persoas e como comunidade a oportunidade de soñar, de romper cadeas, de abrírnos a novos crecementos persoais, sinalados sempre por un máis amor, por un maior servizo, por unha experiencia máis alegre de sermos xente amada e xente capaz de facer do amor unha aventura diaria. E a comunidade cristiá, se é tal, ofreceralle de certo este servizo á nosa fe. Que así sexa.

**Manuel Regal Ledo**